



# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

Monterrei, 25 de abril de 2023

## DECRETO

**JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ**  
**ALCALDE-PRESIDENTE**

Logo de examinar as bases que se elaboraron de selección para a cobertura do posto de oficial de servizos varios, e atopado un erro, en virtude das competencias que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as seguinte modificación na base cuarta e publicar o anuncio no taboleiro de edictos do Concello:

### **CUARTA. Valoración do proceso selectivo.**

#### **FASE CONCURSO**

Os méritos que se valorarán son os seguintes:

**1. Experiencia profesional:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 8 puntos.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo.
- b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,15 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que





# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraránse de xeito proporcional.

**2. Formación para o emprego:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas función do posto ao que se opta:

Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.

Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.

Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.

Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.

Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso.

Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

## FASE OPOSICION:

**1. Proba teórica:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 5 puntos. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un exame tipo test con 20 preguntas sobre os seguintes temarios:

### TEMARIO:

Tema1. A organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía. A Administración local.





# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

Tema 2. O municipio e a súa organización: o alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno. Composición e funcionamento elemental dos órganos do Concello. As competencias municipais. Os servizos mínimos.

Tema 3. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración da auga do Concello de Monterrei.

Tema 4. Conceptos fundamentais en fontanería. Caudais e consumos, velocidade, desprazamento da auga, relación entre caudal, velocidade e sección. Presión, relación presión-altura, perdas de carga, golpe de ariete.

Tema 5. Tratamentos da auga. Composición da auga de consumo, descalcificación, desmineralización, PH, xeneralidades sobre os equipos de tratamento de auga.

Tema 6. Deseño e montaxe de instalacións, dimensionamento e caudais mínimos en aparellos domésticos.

Tema 7. Elementos das instalacións. Tubaxes e accesorios, válvulas e dispositivos de control, grifería sanitaria, contadores, alxibes.

Tema 8. Bombas e grupos de presión. Tipos e funcionamento das bombas, compoñentes dun grupo de presión.

Tema 9. Rede de evacuación e de sumidoiros. Instalación, dimensionamento e materiais.

Tema 10. Estacións depuradoras de augas residuais. Xeneralidades.

Tema 11. Prevención da Lexionella. Xeneralidades e medidas preventivas.

Tema 12. Inspeccións e probas das instalacións.

Tema 13. Protección medioambiental. Nocións básicas sobre contaminación ambiental. Principais riscos medioambientais ligados ás funcións da categoría.

Tema 14. Xeografía do concello de Monterrei; localidades e rede de estradas que atravesan o municipio.

Tema 15. Prevención de riscos laborais. Riscos laborais específicos nas funcións de fontaneiro, medidas de protección individuais e colectivas.

Tema 16. A lei en materia de igualdade aplicable ás entidades locais.

- Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos.

- Cada resposta errada restará 0,10 puntos.





# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

- A puntuación mínima para superar esta proba será 1 punto.

- Esta proba é eliminatoria.

**2. Proba práctica:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 10 puntos. Se realizará unha proba práctica relacionada coas tarefas do posto obxecto de convocatoria:

Consistirá na realización dunha proba práctica no que se valorará a correcta realización da proba, a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución relacionada co temario.

- A puntuación mínima para superar esta proba será de 5 puntos.

- Esta proba é eliminatoria.

Así o acordou e o asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O alcalde

O secretario





# CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE  
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

\* Documento asinado dixitalmente o marxe.

